


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

16-17 de marzo do 2024

V CORESMA B



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

A piques de rematar a coresma seguimos preparándonos para a Pascua, e facendo este camiño descubrimos que hai cousas que sobran, hai cousas que necesitamos arrincar da nosa vida, e tamén hai cousas que remendar e facer mellor.

Hoxe, con Xesús, dámonos conta de que a súa Pascua non é non foi froito da casualidade ou da improvisación, senón da coherencia. El entrega a súa vida, quere facelo. Quere ser semente, e non teme a escuridade da terra, pois é nesa escuridade onde xermola a vida e a esperanza nova.

Só cando a semente morre, só cando deixa de ser semente é posible que dela nazan froitos novos. Só quen dá vida se enche de vida, só cando un se dá aos demais sente que os demais enchen a vida de un.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Agora con Xesús queremos ser semente enterrada para mellorar este noso mundo. Semente de paz para todas as persoas rodeadas de violencia, semente de igualdade para todas as mulleres, semente de comprensión para medrar na tolerancia e no respecto.*

Dos froitos que aínda non damos queremos agora pedir perdón. Xuntos rezamos:

Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión; pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa, por iso lle pido á benaventurada Virxe María e a todos os anxos e santos do ceo, e a vós tamén, irmáns, que rogedes por min a Deus, noso Pai.

Celebrante: *Deus Pai ten piedade de nós e dos que teñen un lugar no noso corazón porque El quere agasallarnos con vida. A todos, o Señor, nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo querendo VIVIR DESPACIO SEMENTANDO VIDA.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, o teu fillo demostrou coa súa vida a grandeza de quen quere ser semente de vida nova.

Concédenos a graza de vivirmos con gozo no seu mesmo espírito de coherencia pois ensinounos que os froitos non chegan sen esforzo, non chegan de inmediato, e a vida para ser VIDA hai que ir dándoa pouco a pouco.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

A Palavra de Deus que agora imos escoitar séguenos a axudar a entender a coresma como oportunidade de mellorar, porque hai cousas que necesitamos arrincar da nosa vida e hai cousas que necesitamos remendar para facelas mellor.

Dinos hoxe Xesús: se o gran de trigo non cae na terra e morre non dará froito. A vida non é nas presas, no inmediato e no xa; a vida é nas pequenas cousas do día a día. Escoitemos.

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA XEREMÍAS

Velaquí os días
-é o Señor quen fala-
nos que pactarei coa casa de Xudá e co reino de Israel
unha alianza nova;
non coma a alianza que pactei cos seus pais,
o día no que os collín pola man
para os sacar do país de Exipto;
pois eles quebrantaron o meu pacto,
aínda que eu seguín sendo o seu Señor
-é o Señor quen fala-.

Velaquí o pacto que eu hei pactar coa casa de Israel
despois deses días -é o Señor quen fala-:
hei meter a miña lei nas súas entrañas,
escribereina nos seus corazóns,
serei para eles o seu Deus,
e eles serán para min o meu pobo.

Xa ninguén terá que instruír o compañeiro,
xa ninguén terá que instruír o seu irmán,
dicíndolle: "Respectade o Señor";
senón que todos eles me farán caso,
desde o máis noviño ao máis grande
-é o Señor quen fala-,
pois eu perdoareille a súa iniquidade,
e xa non me lembrarei máis dos seus pecados.

Palabra do Señor

(en pé) Leccionario II B páx 74 Xn 12, 20-33 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela algúns dos que subían a adorar no día da
Festa eran gregos. Achegáronse a Felipe, o de Betsaida
de Galilea, e pedíronlle:

- Señor, queremos ver a Xesús.

Foi Felipe e díxollo a Andrés; Andrés e máis Felipe
foron dicirlllo a Xesús. Xesús respondeulles:

- Chegou a hora de que sexa glorificado o Fillo do Home.
Évos ben certo: se o gran de trigo cae na terra pero non
morre, quedará el só; pero se morre, dará froito abondoso.
Quen ama a súa vida, pérdea; mais quen dá a súa vida
neste mundo, poñeraa a salvo para unha vida eterna. Se
alguén quere servirme, que me siga; e alí onde estou eu,
estará tamén o meu servidor. Se alguén me serve, hao
honrar o Pai.

Agora o meu espírito está turbado. E que hei de dicir:
Pai, sálvame desta hora? ¡Pero se para iso cheguei a esta
hora! Pai, glorifica o teu Nome.

E eu, cando me ergan da terra, atraerei a todos cara a
min.

Dicía isto, indicando de que morte había de morrer.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Que nos propomos nesta última semana de Coresma con “dona coresma”?

Con ela seguimos descubrindo que hai algo máis que necesitamos arrincar na nosa vida, porque non todo vale.

Xa lle temos arrincado a perna da violencia, a do querer vivir cómodos e sen complicarnos, a das rutinas e a das críticas. Tamén xa lle temos cosido o remendo do RESPECTO E A PAZ, o do IMPLICARSE DANDO UNHA MAN, o de SER CRIBLE E CRENTE e o do SER COMPRENSIVOS E CON EMPATÍA.

Hoxe arrincámoslle á nosa coresma a última perna que lle sobra. (Arrincamos a perna da 5ª coresma). É a perna da tentación das presas, do inmediato, do xa. É a tentación de vivir a toda velocidade sen pararse a saborear a vida nas pequenas cousas que cada día ofrece.

Ao arrincar esta última perna descubrimos unha maneira nova de vivir (collemos o “remendo” que está no sobre que vai pegado na perna que lle arrincamos á nosa “dona coresma”, colgamos a perna na pinza, e pegamos o remendo na saia da vella). Acabamos de coser na saia da dona coresma o remendo de VIVIR DESPACIO SEMENTANDO VIDA.



Temos arrincado algo que nos sobra: andar a correr e non dar chegada, e temos cosido un último remendo, porque mellor é VIVIR DESPACIO SEMENTANDO VIDA.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial querendo mellorar a vida vivindo despacio sementamos vida compartindo este credo. Dicimos:

♪ **SI CREEMOS**

Monitor/a:

Credes en Deus,
que se nos achega coma Pai
e nos acolle coma o seu pobo?

SI CREEMOS

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
que, coma sementes na terra,
convídanos a dar a vida para estar cheos de vida?

SI CREEMOS

Credes no Espírito Santo,
que nos alenta para camiñar cara a Pascua,
sendo xentes de ben e de paz?

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,
a comunidade das mulleres e homes
que necesita facelo mellor
para vivir despacio sementando vida?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe que compartimos acudimos ao Pai conscientes de que moitas veces andamos a correr na vida. Agora, despacio, confiándonos ás súas mans cheas de agarimo, dicémoslle*

PAI, PÓMONOS NAS TÚAS MANS

Monitor/a:

- ✓ Presentámosche o berro de todos os pobres do mundo. Queremos ser con todos semente de vida que xermola na solidariedade. Por iso rezamos
- ✓ Presentámosche a todas as persoas que están dando bo exemplo coa súa vida á beira dos marxinados. Queremos xermolar con eles. Por iso rezamos
- ✓ Presentámosche oración por todas as persoas que traballan no campo. Queremos con eles ser terra que dá froitos. Por iso rezamos
- ✓ Polas xentes de Palestina, Israel, Ucraia, Rusia que o están pasando tremendamente mal, feridos nunha guerra que nos escandaliza e que non podemos entender. Con todos queremos soñar paz. Por iso rezamos
- ✓ Por nós, que nestes días, da man de dona coresma queremos facelo mellor para chegar á Pascua. Por iso rezamos

Celebrante: *Señor, Ti que sempre nos escoitas, dános unha man para facelo mellor remendando a vida da man de Xesucristo, Noso Señor.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Imos agora rezar, imos dicir “danos o noso pan de cada día” sabendo que compartimos hoxe o pan do sementado antes. A nosa paz, o alborear de xustiza, a fraternidade, todos os valores que enchoupan máis ou menos a nosa vida foron sementeira antes, non se improvisan. Pedir o pan de cada día esixe de nós sementar hoxe, para compartir mañá.*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de vivir despacio sementado vida. A paz non é froito da presa, é saborear a vida das pequenas cousas de cada día. Deámonos unha man.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Participar nesta celebración é comprometer a vida en ser, coma Cristo, pan partido, rachado e entregado a todos, pois só dándonos, aínda a prezo de morrer, nacerá un mundo resucitado.*

Ditosos nós por facer camiño cara a Pascua compartindo coma comunidade este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

CANTO n° 41 Quen nos vai separar de Ti

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Deus, noso Pai, Ti aléntasnos coa túa Palabra e aliméntasnos co pan da vida, que enche a nosa fe, fai medrar a esperanza e enfortece a nosa caridade.

Axúdanos a ser hoxe semente de evanxeo para no día de mañá dar froitos que fagan medrar a dignidade desta terra na que compartimos.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Con Xesús quixemos arrincar o que non nos deixa camiñar con dignidade. Quixemos deixar atrás as presas, o querer todo para xa.

A nosa celebración ten que ser tamén un remendo para vivir no día a día os pasos da coesma que nos achegan á PASCUA. Queremos facelo mellor saboreando a vida lonxe do estrés ao que esta sociedade nos empuxa.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
unha boa coesma,
e que o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

Levamos con nós para a casa o remendo de hoxe

VIVIR DESPACIO SEMENTANDO VIDA

(Repartimos o remendo para levalo para a casa)

*Querendo facelo así de ben co noso remendo
cantamos ide e pregoade e podémonos ir en paz*

♪ n° 56 Ide e pregoade a nova de Deus



**“Na vida arrincamos as presas
e remendamos co
VIVIR DESPACIO SEMENTANDO VIDA”**

Facendo da Coesma camiño cara a Pascua con Cristo